

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo

Delegación Provincial da Coruña

Servizo de Relacións Laborais

ANUNCIO

Convenio colectivo da empresa Real Aeroclub de Santiago de Compostela

Visto o expediente do convenio colectivo da empresa REAL AEROCUB DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (código convenio 1504542), que tivo entrada nesta Delegación Provincial da Consellería de Traballo o día 20.7.07, complementado o 2.11.07 e subscrito pola parte económica pola empresa e pola parte social polo delegado de persoal o día 27.6.07, de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos de Traballo e Real decreto 2412/82, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta Delegación Provincial

ACORDA:

PRIMEIRO.—Ordena-la súa inscrición no Libro Rexistro de Convenios Colectivos de Traballo, obrante nesta Delegación Provincial, e notificación ás representacións económica e social da Comisión Negociadora.

SEGUNDO.—Ordena-lo depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraxe e Conciliación (S.M.A.C).

TERCEIRO.—Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 7 de novembro de 2007

A DELEGADA PROVINCIAL

Asdo.: María Debén Alfonso

I CONVENIO COLECTIVO PARA O REAL AEROCUB DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2007- 2009

Artigo 1.º.—Ámbito de aplicación.

O presente convenio será de aplicación para a sociedade Real Aeroclub de Santiago, en Santiago de Compostela (A Coruña).

Artigo 2.º.—Vixencia.

A vixencia do presente convenio colectivo será desde o día 1 de xaneiro de 2007 ata o 31 de decembro de 2009.

Artigo 3.º.—Denuncia para efectos de negociación.

Este convenio poderá ser denunciado por calquera das partes, con 2 meses de antelación ao remate da súa vixencia. De non ser denunciado entenderase prorrogado, en todos os seus conceptos, por período de un ano.

O presente convenio manterase integramente en vigor, en todo o seu articulado, mentres non haxa un novo convenio que o substitúa na súa totalidade.

Artigo 4.º.—Cláusula de revisión.

Os salarios do Real aeroclub de Santiago deberán estar, a 1 de xaneiro de 2007, ao día nos IPC reais de todos os anos nos que non existiu negociación do Convenio Colectivo de Deportes e Espectáculos da provincia de A Coruña. Para o ano 2007 acórdase unha revisión salarial do 3%. Para os anos 2008 e 2009 a revisión salarial será do IPC real máis 1,25% para cada ano.

Artigo 5.º.—Xornada de traballo.

A xornada de traballo será de trinta e nove (39) horas semanais. Establécese un descanso de vinte (20) minutos, computables como traballo efectivo, cando a xornada de traballo sexa continuada.

Artigo 6.º.—Descanso dominical.

Nesta empresa, polas súas específicas características, estase exento do descanso dominical coas seguintes limitacións:

a) Salvo nos casos especificados no punto seguinte, ningún traballador poderá traballar dous domingos seguidos, é dicir, que como máximo se poderá traballar un domingo si e outro non.

b) Para aquelas sociedades nas que a aplicación da letra a) sexa imposible debido ás numerosas funcións que desempeñan en domingos e festivos, a empresa poderá modifica-lo sistema aquí regulamentado, para o cal terá que chegar a un acordo previo con cada traballador/a afectado/a, co coñecemento e sen a oposición do comité de empresa ou delegados de persoal.

Artigo 7.º.—Cadro de descansos.

A empresa elaborará trimestralmente o cadro de traballo e descansos nos que se recollerá a xornada a realizar por cada un dos traballadores e traballadoras, así como os descansos legalmente establecidos. Deste calendario entregaráselle copia á representación legal dos traballadores e exporase no taboleiro de anuncios de todos os centros de traballo. Este cadro deberá estar exposto cunha antelación mínima de 15 días ao inicio de cada trimestre. Estes calendarios poderán, ser modificados previa comunicación con un mínimo de 20 días de antelación sempre que a planificación de actividades e a organización do traballo así o xustifiquen. Se as modificacións son avisadas cunha antelación inferior, só se farán efectivas nos seguintes casos:

a) Previa aceptación do traballador ou traballadora afectado.

b) Cando sexan motivados por suspensión ou aprazamento de actividades programadas.

c) No suposto de baixas por IT mentres non poidan ser substituídas e en todo caso por un prazo máximo de 10 días.

Artigo 8.º.—Horas extraordinarias.

As horas extraordinarias realizadas compensaranse cunha recarga do 50% sobre a hora ordinaria para o caso dos días laborables (de luns a venres) e co 75% no caso das horas realizadas en fin de semana ou festivo. Esta proporción manteráse tamén no caso de estas horas seren remuneradas en vez de compensadas en tempo. Aos efectos de establecer o modo de compensación será de mútuo acordo entre empresa e traballador/a.

Artigo 9.º.-Vacacións.

As vacacións regulamentadas para tódolos traballadores/as afectados/as polo presente convenio serán de 30 días, enténdese comprendido no importe das vacacións o salario base, a antigüidade, a antigüidade consolidada, complemento de convenio e calquera outro concepto fixo ou periódico.

As empresas, de común acordo cos representantes dos traballadores, ou con estes no caso de que non houbera os citados anteriormente, fixarán a primeiros de xaneiro o cadro de vacacións correspondente ó ano en curso.

No caso de que por calquera motivo non se pudiesen gozar as vacacións nas datas establecidas no calendario, gozaranse noutra data logo de acordo entre a empresa e o traballador/a afectado/a, sendo a data tope para o seu goce a da denuncia para efectos de negociación deste convenio.

O persoal de traballo de tempada percibiráas proporcionalmente ó tempo traballado e ó remate deste.

Establécese unha bolsa de vacacións de 400 euros para o ano 2007, e para os traballadores fixos na empresa que gocen as vacacións nos meses de outubro a abril salvo no Local Social (Rúa Xeneral Pardiñas) onde será entre os meses de maio a setembro, ámbolos dous meses inclusive nos dous casos. Esta cantidade faraa efectiva a empresa dous días antes do inicio do período de vacacións establecido.

Queda pactado que a contía da citada bolsa se incrementará unicamente na mesma porcentaxe que se fixe nos convenios colectivos dos respectivos anos para o resto dos conceptos económicos.

En caso de que algún traballador ou traballadora disfrutara as súas vacacións na súa totalidade ou en parte, fora dos períodos establecidos para cobrar a bolsa de vacacións, terá dereito unicamente á parte proporcional desta bolsa polos días comprendidos nos períodos establecidos neste artigo.

Cando o período de vacacións fixado no calendario de vacacións da empresa coincida no tempo con unha incapacidade temporal derivada do embarazo, o parto ou a lactancia natural ou co período de suspensión do contrato de traballo previsto en el artículo 48.4 da Lei de Igualdade, se terá dereito a disfrutar as vacacións en data distinta á da incapacidade temporal ou á do disfrute do permiso que por aplicación de dito precepto lle correspondiera, ao finalizar o período de suspensión, aínda que teña rematado o ano natural a que correspondan.

Artigo 10.º.-Antigüidade.

Para todo o persoal que ingresase na empresa con anterioridade ó 1-4-1980, a antigüidade será computada por trienios do oito por cento. Para o persoal que ingrese con posterioridade á data anterior, rexerá a seguinte táboa:

- 3 anos 5%.
- 5 anos un 3% máis.
- 10 anos un 7% máis.
- 15 anos un 5% máis.
- 20 anos un 5% máis.
- 25 anos un 5% máis.
- 30 anos un 5% máis.

A 31 de decembro de 2006, todo o persoal percibirá en concepto de antigüidade o importe correspondente segundo o establecido no antigo Convenio de Deportes e Espectáculos da provincia de A Coruña. A partir de xaneiro de 2007 este importe quedará consolidado en nómina baixo o epígrafe "antigüidade consolidada" e que se incrementará anualmente na mesma porcentaxe coa que se incrementen o resto dos conceptos eco-

nómicos do convenio. Estas cantidades serán consolidadas, non tendo, en ningún caso, carácter compensábel nen absorbible.

Os novos tramos de antigüidade que se xeneren a partir da entrada en vigor do presente convenio serán abonados segundo as porcentaxes arriba indicadas. A efectos de establecer un novo período, este computarase desde a data en que cumples o último tramo na antigüidade anterior.

Artigo 11.º.-Pagas extraordinarias.

Todo o personal desta empresa percibirá catro pagas extraordinarias. No mes de marzo, a de xullo, a de outubro e a de decembro.

O período de devengo das citadas pagas será:

A de marzo, de 1 de marzo a 28 de febreiro do ano seguinte.

A de xullo, de 1 de xullo a 30 de xuño do ano seguinte.

A de outubro de 1 de outubro a 30 de setembro do ano seguinte.

A de decembro, de 1 de xaneiro a 31 de decembro.

O importe destas pagas será de 30 días de salario base máis antigüidade e a antigüidade consolidada.

Artigo 12.º.-Licencias retribuídas.

Sen perda de retribución ningunha, a empresa concederá licencias nos casos seguintes:

- Nacemento, adopción ou acollemento de fillos: dous días.
 - Matrimonio do produtor: 15 días.
 - Enfermidade grave do cónxuxe, pais, fillos e parto da muller: catro días.
 - Morte do cónxuxe, pais, fillos e irmáns: catro días. Se o produtor tivera que desprazarse fóra de Galicia, estas licencias ampliaranse a sete días.
 - Morte de pais, irmáns políticos de ámbolos dous cónxuxes, ou avós: dous días.
 - Morte de tíos, sobriños, netos, curmáns: un día.
 - Vodas de fillos ou irmáns: un día se é dentro da provincia e tres se é fóra dela.
 - Bautizos e primeiras comunións de fillos e netos: un día.
 - Por calquera tipo de intervención cirúrxica dos familiares de primeiro grao ou persoas que convivan na unidade familiar: un día.
 - Por traslado de enderezo habitual concédese unha licenza de dous días.
 - Cada traballador/a disporá de 1 día ao ano para asuntos propios cando se soliciten coa antelación suficiente e sen necesidade de justificar o motivo. Establécese un prazo de 20 días naturais para comunicar, por escrito, a necesidade deste día.
 - Para o cumprimento dun deber inescusable, de carácter público ou persoal: un día.
 - Para a realización de exames calquer tipo: un día.
- Tódolos permisos e licencias deste artigo son extensivos ás parellas de feito, sempre que comuniquen a súa condición á empresa antes de producirse calquera dos feitos que dan dereito ás citadas licencias e permisos; a comunicación deberá ser escrita e acreditarse mediante calquera dos seguintes documentos:
- Certificacións de estar inscrito como parella de feito nalgun dos rexistros existentes.
 - Copia do patrón municipal.
 - Declaración ante notario para o efecto.

Artigo 13.º.-Reduções de xornada.

1. Lactancia. As traballadoras, por lactancia dun fillo menor de nove meses, terán dereito a unha hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións. A duración do permiso incrementárase proporcionalmente nos casos de parto múltiple.

A muller, pola súa vontade, poderá substituír este dereito por unha redución da súa xornada en media hora coa mesma finalidade ou acumulalo en xornadas completas nos termos previstos na negociación colectiva ou no acordo a que chegue coa empresa respectando, no seu caso, o establecido naquela.

Este permiso poderá ser disfrutado indistintamente pola nai ou o pai no caso de que ambos traballen.

2. Garda legal. Quen por razóns de garda legal teña ao seu coidado directo algún menor de oito anos ou unha persoa con discapacidade física, psíquica ou sensorial, que non desempeñe unha actividade retribuída, terá dereito a unha redución da xornada de traballo, coa diminución proporcional do salario entre, ao menos, un octavo e un máximo da metade da duración de aquela.

Terá o mesmo dereito quen precise encargarse do coidado directo dun familiar, ata segundo grado de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poda valerse por si mesmo, e que non desenvolva actividade retribuída.

A redución de xornada compemplada no presente apartado constitúe un dereito individual dos traballadores, homes ou mulleres. Non obstante, se dous ou máis traballadores da mesma empresa xenerasen este dereito polo mesmo suxeito causante, o empresario poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas do funcionamento da empresa.

A concreción horaria e a determinación do período de disfrute do permiso de lactancia e da redución de xornada, previstos neste apartado, corresponderán ao traballador ou traballadora, dentro da mesma xornada ordinaria. O traballador ou traballadora deberá preavisar á empresa con 15 días de antelación a data na que se reincorpora á súa xornada ordinaria.

Artigo 14.º.-Excedencias.

1.-A excedencia poderá ser voluntaria ou forzosa. A forzosa, que dará dereito a conservación do posto e ó cómputo da antigüidade da súa vixencia, concederáse pola designación ou elección para un cargo público que imposibilite a asistencia ó traballo. O reingreso deberá ser solicitado dentro do mes seguinte ó cesamento no cargo público.

2.-O traballador con alomenos unha antigüidade na empresa dun ano ten dereito a que se lle reconeça a posibilidade de se situar en excedencia voluntaria por un prazo non menor a catro meses e non maior a cinco anos. Este dereito só poderá ser exercitado outra vez polo mesmo traballador se transcorreran catro anos dende o remate da anterior excedencia.

3. Os traballadores e traballadoras terán dereito a un período de excedencia, non superior a tres anos, para atender ó coidado de cada fillo, tanto cando o sexa por natureza como por adopción ou acollimento, tanto permanete como preadoptivo, a contar dende a data do nacemento, adopción ou acollimento deste. Recoñécese o dereito do pai e da nai para o disfrute da citada excedencia, coa única limitación de que si dous ou máis traballadores da mesma empresa xenerasen este dereito polo mesmo suxeito causante, a empresa poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas de funcionamento da empresa, tal e como establece o artigo 46 do Estatuto dos Traballadores.

Os sucesivos fillos darán dereito a un novo período de excedencia que, de se-lo caso, porá fin ó que se estivese a disfrutar.

O período no que o traballador permaneza na situación de excedencia consonte ó establecido neste artigo será computable a efectos de antigüidade e o traballador terá dereito á asistencia a cursos de formación profesional, debendo ser convocado polo empresario á súa participación nos mesmos, especialmente con ocasión da súa reincorporación. Durante o primeiro ano terá dereito á reserva do seu posto de traballo. Transcorrido o dito prazo a reserva quedará referida a un posto de traballo do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente.

Artigo 15.º.-Suspensión do contrato de traballo por paternidade.

Nos supostos de nacemento de fillo, adopción ou acollemento o traballador terá dereito á suspensión do contrato durante trece días ininterrompidos, ampliables nosuposto de parto, adopción o acollemento múltiples en dous días máis por cada fillo a partir do segundo. Esta suspensión é independente do disfrute compartido dos períodos de descanso por maternidade.

No suposto de parto, a suspensión corresponde en exclusiva ao outro proxenitor. Nos supostos de adopción ou acollemento, este dereito corresponderá só a un dos proxenitores, a elección dos interesados; non obstante, cando o período de descanso regulado sexa disfrutado na súa totalidade por un dos proxenitores, o dereito á suspensión por paternidade únicamente poderá ser exercido polo outro.

O traballador que exerza este dereito poderá facelo durante o período comprendido desde a finalización do permiso por nacemento de fillo, previsto legal o convencionalmente, ou desde a resolución xudicial pola que se constitúe a adopción ou a partir da decisión administrativa ou xudicial de acollemento, ata que finalice a suspensión do contrato ou inmediatamente despois da finalización de dita suspensión.

La suspensión do contrato a que se refire este artigo poderá disfrutarse en réxime de xornada completa ou en réxime de xornada parcial dun mínimo do 50 por 100, previo acordo entre a empresa e o traballador, e conforme se determine reglamentariamente.

O traballador deberá comunicar ao empresario, coa debida antelación, o exercicio deste dereito nos termos establecidos.

Artigo 16.º.-Baixa por enfermidade.

En caso de baixa por IT derivada de enfermidade común, a empresa complementará as prestacións correspondentes ata o 100% do salario real do traballador ou traballadora. Este beneficio só afectará á primeira baixa do ano. No resto das baixas derivadas desta causa percibirase o legalmente establecido, a excepción de que durante as mesmas haxa hospitalización ou intervención cirúrxica, entregando xustificacnte.

No suposto das baixas por IT derivadas de accidente, laboral ou non, ou enfermidade profesional a empresa abonará o 100% do salario real do traballador ou traballadora en todas as baixas que estes poderan ter.

O incremento das prestacións non será repercutible nas pagas extraordinarias, e estas serán aboadas na súa totalidade.

Artigo 17.º.-Retribucións.

As retribucións para o persoal afectado por este convenio serán as seguintes:

	31 decembro 2006	1 xaneiro 2007
Titulado grao superior	1.219,01	1.255,58
Titulado grao medio	974,49	1.003,73
PERSONAL ADMINISTRACIÓN		
Xefe de negociado	960,98	989,81

Oficial de 1ª	929,19	957,06
Oficial de 2ª	893,94	920,76
Auxiliares	857,89	883,63
PERSONAL OBRERO		
Encargado de 1ª	937,69	965,82
Encargado de 2ª	937,69	965,82
Oficial de 1ª	928,12	955,96
Oficial de 2ª	893,94	920,76
Oficial de 3ª	860,80	886,62
Encargado de cabina	824,55	849,29
Operarios de limpeza	824,55	849,29
Peóns	824,55	849,29
Complemento convenio	69,18	71,26

Para os efectos consignados na táboa anterior, enténdese por categoría de encargado de primeira e segunda o traballador ou traballadora que teña ó seu mando e ordes un grupo de persoal.

Artigo 18.º.-Atrasos.

As empresas aboarán os atrasos correspondentes ó presente convenio coa mensuralidade que corresponda, seguinte á sinatura do convenio.

Artigo 19.º.-Complemento de convenio.

Todo o persoal percibirá por este concepto unha cuantía mensual de 69.18 euros para o ano 2007 que se abonará nas 12 mensuralidades. Este concepto incrementarase na mesma porcentaxe que o resto dos conceptos económicos do convenio.

Artigo 20.º.-Seguro.

A empresa concertará ao seu cargo un seguro polo importe de 12.000 euros para os casos de morte ou incapacidade permanente, en calquera dos seus graos, derivada en calquera dos casos de accidente laboral ou enfermidade profesional, e para todos e cada un dos traballadores e traballadoras.

Artigo 21.º.-Comisión mixta paritaria.

Como órgano de conciliación, intervención, arbitraje e vixilancia do presente convenio, créase unha comisión de 4 vocais, dous por cada unha das partes. A citada comisión estará obrigada a xuntarse unha vez por ano, como mínimo, ou cando o soliciten dous vocais.

Artigo 22.º.-Xubilación.

1. Xubilación parcial.

Ao amparo do artigo 166.2 da Lei da Seguridade Social e do artigo 12.6 do Estatuto dos Traballadores, recoñécese aos traballadores/as o dereito a acollerse á xubilación parcial e á redución da xornada no límite máximo legalmente permitido do 85 %, cando se acaden os requisitos legalmente establecidos e en especial, o da idade mínima dos 60 anos. A comunicación deberase remitir á empresa cunha antelación mínima de tres meses á data prevista para a xubilación parcial.

Ata que o traballador/a xubilado parcialmente chegue á idade ordinaria de xubilación, a empresa deberá manter un contrato de relevo nos termos previstos no artigo 12.6 do Estatuto dos Traballadores.

2. Xubilación anticipada.

Os traballadores/as poderán acollerse á xubilación anticipada aos 64 anos, de conformidade co disposto no Real Decreto 1194/85, de 17 de xullo, debendo a empresa cubrir estas

vacantes con traballadores/as desempregados ou inscritos na oficina de emprego como tales.

3. Xubilación obrigatoria.

A xubilación será obrigatoria para tódolos traballadores e traballadoras da empresa ao cumprir os 65 anos de idade, sempre que reúnan os requisitos para ter dereito á correspondente pensión de xubilación e teñan cotizado á Seguridade Social un mínimo de 25 anos.

Artigo 23.º.-Roupa de traballo.

Entregaranse dúas pezas de roupa de traballo adecuadas ás funcións que cada traballador desempeñe, e no caso de deterioración xustificada as necesarias, a partir da sinatura do presente convenio e cunha periodicidade anual.

07/13320-x

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo

Delegación Provincial da Coruña

Servizo de Relacións Laborais

ANUNCIO

Revisión salarial do convenio colectivo do sector de oficinas e despachos

Visto o expediente da revisión salarial do convenio colectivo do sector de OFICINAS E DESPACHOS, que tivo entrada nesta Delegación Provincial da Consellería de Traballo o día 6.11.07, e subscrito pola comisión paritaria do convenio o día 24.10.07, de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos de Traballo e Real decreto 2412/82, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta Delegación Provincial

ACORDA:

PRIMEIRO.-Ordena-la súa inscrición no Libro Rexistro de Convenios Colectivos de Traballo, obrante nesta Delegación Provincial, e notificación ás representacións económica e social da Comisión Negociadora.

SEGUNDO.-Ordena-lo depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación (S.M.A.C).

TERCEIRO.-Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 7 de novembro de 2007

A DELEGADA PROVINCIAL

Asdo.: María Debén Alfonso

ACTA CONVENIO COLECTIVO PARA EL SECTOR DE OFICINAS Y DESPACHOS DE A CORUÑA

10.ª reunión de la comisión negociadora en A Coruña el 24/10/2007

Representación de las partes negociadoras: